

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 29 DE XULLO DE 2025

Dá comezo a xuntanza ás 09:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo; María Isabel Neira Gómez; Dolores Vilavedra Fernández; Eva Rodil Rodríguez; José Manuel Cifuentes Martínez; José Miguel Tüñez López; Margarita Estévez Saa; José Ángel Fernández Escribano; Julio González Díaz; Miguel Antonio López Pérez; Ana María Porto Castro; Miguel Guisantes Alonso; Alba Paz Castro.

Desculpan asistencia: Jannette Rodríguez Pallarés; Juan Manuel Monterroso Montero; Arturo Xosé Pereiro Rozas.

ORDE DO DÍA

1. Solicitud de resolución de conflitos

1. Solicitud de resolución de conflitos

2.1 Solicitud de cambio de persoa directora de tese presentada pola doutoranda Marta Esther Vilar Sánchez

D^a. Marta Esther Vilar Sánchez, doutoranda pertencente ao Programa de doutoramento en Medicina Molecular presentou unha solicitude de cambio do seu titor de tese, Prof. Ricardo Lage quen a súa vez exerce como un dos seus tres directores de tese, polo que solicita tamén o conseguente cambio na dirección. A doutoranda xustifica a súa petición en base a existencia i) dun ambiente de traballo pouco axeitado para o desenvolvemento da súa investigación, coa existencia de problemas de índole persoal entre a doutoranda e o nomeado director, e ii) unha desenvolvemento deficiente das tarefas de dirección por parte do devandito director, para que aporta a documentación xustificativa oportuna.

Recibida a solicitude da doutoranda, a EDIUS pon en coñecemento do Prof. Lage a existencia da devandita petición, dándolle un prazo de 10 hábiles para informar se accede ou non á petición efectuada, presentando toda a documentación que considere oportuna.

Recibida a documentación aportada polo Prof. Lage, e tras valorar a solicitude da doutoranda, analizar a documentación asociada, e o expediente académico da doutoranda e en consonancia cos artigos 26, 33, 34, 48 e 49 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.

Considerando o estado moi avanzado do desenvolvemento do traballo de tese da doutoranda, xa en fase de redacción, esta Comisión de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional da USC.

ACORDA:

Desestimar parcialmente á solicitude da doutoranda, recomendando ao programa de doutoramento de Medicina Molecular que manteña como titor e director da tese de D^a. Marta Esther Vilar Sánchez ao Prof. Ricardo Lage, así como aos seus outros dous directores, Prof. José Ramón González e a Dra. Isabel Moscoso. Asemade, recoméndase ao programa de

doutoramento que nomee unha comisión de seguimento do proceso de corrección e avaliación da tese actuando, de ser preciso e se así o solicita a doutoranda, como intermediaria entre esta e o director e velando polo correcto desenvolvemento académico do proceso de revisión do traballo de investigación doutoral e o conseguinte proceso de solicitude de defensa da tese.

2.3 Solicitude de cambio de persoa directora de tese presentada pola doutoranda Valentina Serrano Cruz

D^a. Valentina Serrano Cruz, doutoranda pertencente ao Programa de doutoramento en Medicina Molecular presentou unha solicitude de cambio do seu titor de tese, Prof. Ricardo Lage quen a súa vez exerce como un dos seus tres directores de tese, polo que solicita tamén o conseguinte cambio na dirección. A doutoranda xustifica a súa petición en base a existencia i) dun ambiente de traballo pouco axeitado para o desenvolvemento da súa investigación, coa existencia de problemas de índole persoal entre a doutoranda e o nomeado director, e ii) unha desenvolvemento deficiente das tarefas de dirección por parte do devandito director, para que aporta a documentación xustificativa oportuna.

Recibida a solicitude da doutoranda, a EDIUS pon en coñecemento do Prof. Lage a existencia da devandita petición, dándolle un prazo de 10 hábiles para informar se accede ou non á petición da doutoranda, presentando toda a documentación que considere oportuna.

Recibida a documentación aportada polo Prof. Lage, e tras valorar a solicitude da doutoranda, analizar a documentación asociada, e o expediente académico da doutoranda e en consonancia cos artigos 26, 33, 34, 48 e 49 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.

Considerando o estado incipiente do desenvolvemento do traballo de tese da doutoranda, máis a comprobación que investigadora doutora responsable/supervisora do contrato de investigación PIFS do cal é beneficiaria a doutoranda non figura como directora da tese, esta Comisión de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional da USC.

ACORDA:

Estimar parcialmente á solicitude da doutoranda, recomendando que o programa de doutoramento de Medicina Molecular proceda a substituír ao Prof. Ricardo Lage como titor da tese de Valentina Serrano Cruz, así como dalo de baixa como director da tese mantendo aos seus outros dous directores, Prof. José Ramón González e a Dra. Isabel Moscoso. Ademais, suxírese ao programa de doutoramento que corrixa, de proceder, a situación académica-administrativa relacionada co contrato PIFS da doutoranda.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:45 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: María Isabel Neira Gómez

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL NEIRA GOMEZ,
NIF ***2557**, 11/11/2025 08:52:38.

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO,
DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 11/11/2025 09:11:25.

CSV: 44C6-70C8-4AAB-A1B8